

AS ESCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS EN MONUMENTOS TUMULARES DE GALICIA: 1965-1998. CUESTIÓN METODOLÓXICAS E BIBLIOMÉTRICAS

Por Xosé Ignacio VILASECO VÁZQUEZ

Departamento de Historia I

Universidade de Santiago de Compostela.

Abstract: Archaeological excavations led in Galicia between 1965-1998 are reviewed. It is considered the way in which archaeologists have understood these monuments and their excavation. It is analysed how much we know about the local megalithic tradition, in a quantitative and qualitative way.

Keywords: Historiography, Galician mounds, Archaeological excavations

1. PRESENTACIÓN

Supoño que a afirmación de que os nosos coñecementos sobre o tradicionalmente denominado *megalitismo galego* teñen sufrido na segunda metade do século XX un grande salto, tanto cuantitativo como cualitativo, é un feito que dificilmente poderá ser posto en dúbida por ningún lector. Se este cambio foi o suficientemente profundo, ou se realmente estamos perto de coñecer a evolución e transformacións que se operaron neste fenómeno ao longo do seu desenvolvemento é unha cuestión que, probablemente, estaría xa máis aberta a discusión. Co presente artigo pretendo dar unha visión, por suposto completamente persoal e como tal, argumentable, dos cambios sufridos na investigación sobre os monumentos tumulares galegos nos últimos anos. É polo tanto un traballo de historiografía recente, e fala non tanto de megalitismo como do xeito en que a investigación afrontou ao longo destes anos o fenómeno megalítico.

O traballo, sen embargo, parte cunha serie de eivas de partida importantes. En primeiro lugar, por cinxirse exclusivamente ao estudo das escavacións de xacementos, obviando outra serie de temas como pode ser o do emprazamento. Unicamente se van analizar as escavacións de monumentos tumulares de Galicia, nun intento de sistematizar o número de intervencións realizadas nos últimos anos, ante as dificultades observadas na bibliografía para identificar moitas delas. As diferentes actuacións serán recollidas nun catálogo, que figura como anexo ao traballo, e sistematizadas a través dunha serie de campos cos que se pretende analizar as súas características e resultados obtidos en relación ao conxunto estudado.

En segundo lugar, o marco cronolóxico escollido, que é completamente arbitrario. De todos os xeitos, dito marco veu definido pola propia investigación realizada,

e mesmo vén sendo recoñecida en diversos traballos historiográficos realizados recentemente (p. ex. Rodríguez Casal, 1993). Efectivamente, logo do parón investigador provocado pola guerra civil española, os anos 40 e 50 traen consigo a realización de novas escavacións en monumentos tumulares galegos: en 1944 escava José M^a Luengo (1952) tres túmulos no concello coruñés de Aranga (o de Fraga do Vello e dous na necrópole de Galiñeiro, denominada por el de San Victorio); e a mediados da década seguinte Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza (1954/55; Peña e mais Rodríguez Casal, 1976) intervén nun total de 8 túmulos na península do Morrazo (6 mámoas en Chan de Catiñeiras —Vilaboa— en 1955 e os sepulcros de corredor de Chan de Arquíña —Moaña— e Chan de Armada —Marín— en 1953 e 1957 respectivamente). A partir de 1957 a bibliografía non recolle noticias de novas escavacións en túmulos galegos ata 1966, dándose unha paralización de case 10 anos, provocada polo cambio xeneracional que se está a dar na investigación arqueolóxica do país logo da morte de R. Sobrino en 1959. Dito cambio non callará ata que novos arqueólogos, vinculados á Universidade de Santiago de Compostela e ao Instituto «Padre Sarmiento» de Estudios Galegos, acompañados en ocasións por Fermín Bouza-Brey, comececen a desenvolver a súa actividade a finais da década dos 60.

En último lugar, e se cadra máis importante, cómpre salientar que o traballo foi realizado, fundamentalmente, a través dun baleirado bibliográfico, polo que é posible que no catálogo anexo non se recollan todas as escavacións realizadas nos 34 anos analizados. Por un lado, non se consultaron os listados oficiais do Ministerio de Cultura, polo que se descoñece o número de autorizacións para a escavación de túmulos que foi outorgado entre a data de inicio do estudo e máis 1983. De todos os xeitos, para o período 1979-1983 están publicados os resúmenes das actuacións (recopilados nos volumes denominados *Arqueología*), polo que podemos supoñer que estean recollidas todas as intervencións realizadas nese lapso de tempo. Algunhas escavacións anteriores (Bexo/Leiro —Rianxo, A Coruña— e mais Monte Pirleo —Guitiriz, Lugo—) foron referenciadas a partir dos informes mecanografiados anónimos que desde hai anos circulan entre os investigadores galegos, aceptándoos como válidos sen saber se realmente o son. De Marco de Camballón unicamente coñezo o número de túmulos escavados gracias a unha referencia oral de José M^a Eguileta.

Para as datas de 1984 a 1998 tampouco existen a disposición dos investigadores listados públicos oficiais das intervencións realizadas, e, en contra do que sucede noutras comunidades autónomas (véxase o magnífico exemplo do *Arkeoikuska* en Euskadi), en Galicia a publicación dos resúmenes anuais das intervencións arqueolóxicas autorizadas unicamente abarca a data de hoxe o período 1987-89. De todos os xeitos, en 1999 consultáronse as memorias de actuacións arqueolóxicas inéditas depositadas na Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, e que, segundo a lexislación vixente, eran de consulta pública, para o que se solicitou o pertinente permiso ao Director Xeral de Patrimonio Cultural con motivo da realización da miña tese de licenciatura. Así e todo, non se me facilitou un listado oficial coas actuacións autorizadas neses anos, polo que non podo asegurar que non exista algunha intervención máis á parte das escavacións

que figuran no catálogo. De feito, non se me deixou consultar nin as memorias das actuacións realizadas por J. Vaquero no contorno da mina de lignito das Pontes (a última, de 1992), nin aquelas realizadas ao abeiro do proxecto de execución das autovías de conexión coa Meseta (1996-1997); isto a pesar de que, segundo a lexislación que lles é de aplicación, son de consulta pública (de feito, consultei sen problema ningún actuacións realizadas con posterioridade a todas elas).

A través da bibliografía, ademais, tiveron coñecemento de actuacións case descoñecidas, das que non existe practicamente dato ningún publicado (p. ex. a mámoa da Chousa Nova, en Silleda), que logo confirmei de forma oral cos escavadores. En realidade todo o artigo debe moito ás diversas ocasións en que amolei coas miñas preguntas a moitos dos directores ou implicados directamente nas actuacións arqueolóxicas que se recollen no catálogo. Aínda que a razón da maior parte destes auténticos interrogatorios foi a realización da miña tese de licenciatura, aproveite esta ocasión para agradecer a todos eles a amabilidade e disposición que amosaron para comigo. A M^a Jesús Aira, Pablo Bandín, José M^a Bello, Fernando Carrera, José M^a Eguileta, Ana Filgueiras, Manuel C. García Martínez, Manolo Lestón, Alejandro Parga, Juan José Perles, Manolo Rey, Antón A. Rodríguez Casal, e Jacobo Vaquero: Gracias.

2. AS ESCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS EN TÚMULOS DE GALICIA ENTRE 1965 E 1998

O listado completo das intervencións realizadas recóllese de forma detallada nos anexos 1 e 2, especificando para cada un deles unha serie de datos: no primeiro, unha información básica sobre localización, bibliografía, ano da intervención e mais estado de publicación; no segundo, información sobre a actuación en si mesma. Recóllense unicamente os datos que se consideraron necesarios para a realización da análise que se pretende levar a cabo: tipo de intervención, área intervida en cada túmulo, distribución espacial no territorio, utilización de analíticas na escavación (edafoloxía, palinoloxía, antracoloxía e datación radiocarbónica), e estado de publicación da intervención. Non pretendo en ningún momento criticar as actuacións realizadas, xa que cada escavación é filla do seu tempo e mais das circunstancias que a rodearon, que non sempre son as máis axeitadas para a práctica arqueolóxica; o meu propósito é simplemente avaliar en base ás mesmas o grao de coñecemento que ao meu xuízo temos do que tradicionalmente vimos denominando megalitismo galego.

Ao longo dos apartados vou reducir ao máximo as referencias bibliográficas e de localización dos monumentos xa que estas poderán ser consultadas no catálogo. Cando se faga unha análise da evolución temporal de algún dos aspectos estudados, realizarase por lustros, a pesar de que o período final definido (1995-1999) non conta para o seu último ano con xacemento algún no meu estudo. Así e todo, e dado que descoñezo se ao longo do pasado ano se realizou algunha escavación en túmulos, preferín manter como data de remate da miña análise a de 1998. As actuacións de Marco de Camballón foron incluídas todas elas no período

1975-1979, a pesar de que a intervención na necrópole foi rematada en 1980, xa que non teño máis información que a súa realización.

2.1. Actuacións realizadas e número de túmulos escavados

Ao longo dos 34 anos que se analizan realizáronse un total de 125 intervencións. Considerouse intervención a escavación individual dun mesmo túmulo, pese a que esta se teña desenvolvido en anos diferentes, mesmo non continuos, agás no caso de que fosen realizadas por persoas distintas (caso de Chan da Cruz 1) ou pertencesen claramente a proxectos distintos (caso de Forno dos Mouros). En total isto supón coñecementos de 123 arquitecturas diferentes, algunha máis se consideráramos as superposicións¹ de monumentos como a documentada en Dombate, e, probablemente, na mámoa da Braña das Feallas.

Cómpre realizar algúns comentarios ao listado definitivo. En primeiro lugar, semella que o túmulo 6 da Serra do Bocelo, sondeado en 1984 e referenciado na publicación das análises polínicas como de «Cruz do Bocelo» non é ningún dos escavados con posterioridade en 1988. Ademais, a pesar de que en Criado, 1984a constan como 6 as intervencións realizadas en monumentos da cunca do Alto Deo, na memoria da intervención (Criado, 1985a) unicamente se recollen 5. Finalmente, das 4 estruturas escavadas no Forgoselo (Vaquero, 1995b), a número 3 non se inclúe no catálogo por non tratarse dun túmulo, senón dunha escavación ou fosa de grande diámetro similar ás documentadas por R. Sobrino no Morrazo (Sobrino, 1956: 19-20). Na bibliografía existen outras referencias a escavacións realizadas en Vilalba e Monte Grou (Rodríguez Casal, 1990: 33), que foron imposibles de localizar.

O número pode parecer moi alto, pero, se o comparamos co número de xacementos tumulares existentes na actualidade na nosa comunidade autónoma, que se estima nun mínimo de 11.000, puidendo chegar a superar os 16.000², comprobamos que a penas representan o 1%. Número escaso se o comparamos co ritmo de destrucións documentado³. Ademais, como veremos, a información que temos de cada un é moi desigual, e mesmo en ocasións, polos propios obxectivos buscados coa intervención, escasa. Aínda por riba, algunhas delas non chegaron a rematarse de forma axeitada, ou mesmo, como sucede con Dombate ou Forno dos Mouros, encóntranse aínda abertas logo de 10 anos en espera dun programa de actuación máis amplo que permita unha conservación axeitada das pinturas postas ao descuberto nestes monumentos.

¹ Refírome con este termo ao sepultamento dun monumento pola construción doutro maior, non a procesos de engrandamento de túmulos edificadas con anterioridade, realizados de xeito concéntrico á estrutura preexistente, e que se coñecen noutros moitos xacementos.

² As cifras veñen de aplicar os índices de densidade tumular publicados para amplas zonas do país: a ratio documentada por Criado (1988) de 664 túmulos en 1.187 km² daría para o total de Galicia unha cifra que superaría os 16.500 monumentos; se partimos de que no 30% da provincia de Pontevedra se localizaron 500 túmulos (Peña e mais Patiño, 1984) o número reduciríase a case 11.000.

³ Só na Terra Chá sinalouse que en 20 anos desapareceron 28 das 158 mámoas coñecidas (Pombo, 1984).

Como se pode observar na táboa 1, e nos gráficos que acompañan ao texto, a evolución do número de túmulos escavados por lustro non sufriu un aumento progresivo, producíndose altos e baixos ao longo do período estudado. De todos os xeitos, cómpre aclarar que o grande número de intervencións da primeira metade dos anos 80 responde á realización do proxecto de investigación de F. Criado para a súa tese de doutoramento, baixo o que se chegaron a realizar 27 das 37 actuacións realizadas nese tempo; ademais, como se verá máis adiante, a zona intervida na maior parte delas foi moi reducida. O que parece fóra de dúbida, mesmo asumindo que carecemos de datos para o último ano, é a redución do número de intervencións na segunda metade dos anos 90, como consecuencia da eliminación das subvencións a proxectos de investigación arqueolóxica por parte da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

TÁBOA 1: Número de túmulos escavados

PERÍODO	1965-1969	1970-1974	1975-1979	1980-1984	1985-1989	1990-1994	1995-1999	TOTAL
NÚMERO	2	15	9	37	16	37	9	125

Como vén sendo habitual desde os comezos da investigación científica do megalitismo noroccidental (p. ex. López Cuevillas, 1923), o máis habitual é a escavación de varios monumentos máis ou menos contiguos dentro dun mesmo proxecto de intervención, sendo unicamente 36 (29%)⁴ as ocasións en que se escavaron monumentos illados (á parte de que algún destes estivese incluído nun proxecto de investigación máis amplo, que non conlevou a escavación de ningún outro túmulo). Actuacións en necrópoles que mesmo nalgunha ocasión, como sucedeu en Reboredo, chegaron a abranguer parte do espazo entre túmulos. Isto parece contradicir a crítica que nalgunha ocasión teñen feito arqueólogos portugueses ao estudo do megalitismo galego, ao atribuírle unha tendencia á escavación de xacementos illados (Jorge e mais Alonso, 1999: 247-248). Así e todo, cómpre recoñecer que nos últimos anos ten aumentado de xeito considerable o número das escavacións illadas, ata o punto de se faceren maioritarias na segunda metade dos 90 (Figura 1).

⁴ Os monumentos sondaados por F. Criado en 1983 e 84 (agás Os Tumbos 3) consideráronse como monumentos contiguos, en canto que cada unha das zonas prospectadas tiña coherencia espacial. Campiños 6 considerouse como unha intervención illada, xa que os monumentos do entorno que foron escavados pertencen a unha actuación moito anterior. Ventín 3 e 4 consideráronse como escavacións individuais, a pesar de pertencer á mesma necrópole, porque a súa escavación non foi abordada de xeito conxunto, se ben é certo que foron dirixidas pola mesma persoa. Ponte da Pedra, sen embargo, a pesar de ser un monumento illado, incluíuse como pertencente a un conxunto por se escavar dentro do mesmo proxecto ca outros monumentos próximos (Illade).




FIGURA 1: Número de escavacións illadas (si) fronte ós agrupados en necrópoles. Evolución cronolóxica.




FIGURA 2: Distribución espacial das escavacións arqueolóxicas en túmulos galegos para o período estudado.

2.2. Distribución espacial no territorio

Téñense realizado escavacións de túmulos en 51 dos 315 municipios nos que se atopa dividida na actualidade a comunidade autónoma galega, é dicir, nun 16% do total⁵. Así e todo, o número de actuacións por concello varia enormemente (Táboa 2): no 51% unicamente se ten intervido un monumento, nun 20% 2, e nun 10% 3 e 4. Os casos extremos corresponden a Rianxo e Begonte, nos que se escavaron 8 xacementos, e As Pontes, no que se escavaron 17, a maior parte deles por mor da ampliación da mina de lignito que se atopa dentro de seu termo municipal.

TÁBOA 2: N° de concellos co mesmo n° de túmulos escavados, e proporción que representan sobre o total da mostra (51).

Nº túmulos escavados	1	2	3	4	5	6	8	17
Nº concellos	26	10	5	5	1	1	2	1
% concellos	51	20	10	10	2	2	4	2

Se atendemos agora á distribución espacial das intervencións polo territorio, observamos que esta é moi desigual⁶ (Figura 2). Concéntranse fundamentalmente na Galicia occidental (a maior presenza está no contorno da dorsal meridiana galega e mais na Ulla, así como a zona costeira), cuns pequenos puntos illados na zona central da provincia de Lugo (o transepto estudado por F. Criado para a súa tese doutoral: Criado e mais Fábregas, 1989: 50-51, ademais dalgún outro caso) e mais no sur da de Ourense. É de salientar a case total ausencia de intervencións no norte desta última provincia e mais no sur de Lugo. De feito, se analizamos a distribución das escavacións por provincia (Táboa 3, Figura 3) observamos que na da Coruña se realizaron máis da metade, e case un cuarto na de Pontevedra; as dúas provincias orientais, que representan máis da metade da superficie do territorio estudado, non chegan a xuntar o 25% das intervencións.

⁵ Foi imposible confirmar con exactitude o concello no que se localizan un total de 6 estruturas aínda que os cambios serían sempre por concellos próximos: Melide e Toques pasarían a ser Sobrado, os de Begonte poderían pertencer a Vilalba ou Guitiriz, e o de Outeiro de Rei a Begonte.

⁶ Utilizo aquí a mesma metodoloxía que Senín (1995) para o seu estudo do paleolítico, coloreando as zonas investigadas seguindo o límite do concello actual no que se atopan os xacementos, a pesar de que así se sobrevaloran certos achados (p. ex. o dos Tumbos 3, polo que se marca a grande extensión do concello da Fonsagrada). Para mitigar estes efectos utilízanse tres tramas para indicar o número de túmulos escavados en cada municipio. Resultou imposible realizar unha análise deste tipo por parroquia, que ofrecería un aproximamento máis axeitado.




FIGURA 3: Xacementos escavados por provincia.

TÁBOA 3: Número de xacementos intervídos e nº de concellos con xacementos escavados para cada provincia.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Nº TÚMULOS	66	22	6	29
Nº CONCELLOS	22	7	5	17

2.3. Tipoloxía da intervención

Se ata os anos 60 as intervencións arqueolóxicas en túmulos responden sempre a proxectos de investigación, durante o período estudado prodúcese a aparición das intervencións de urxencia ou preventivas, realizadas de forma previa á destrución dos monumentos por algún tipo de obra ou construción, ou mesmo para valorar as características dalgún monumento unha vez destruído parcialmente (p. ex., Catasol 2) ou case na súa totalidade (p. ex., Mámoa da Braña das Feallas).

Desde a súa aparición na segunda metade dos anos 70⁷, as escavacións de urxencia téñense feito progresivamente máis numerosas, ata se converteren en maioritarias nos 90 (Figura 4), o que supón que, desde o punto de vista da investigación, as intervencións non se realizan buscando uns obxectivos específicos de coñecemento, senón a recuperación da maior cantidade posible de información antes da destrución dos monumentos. Así e todo, o balance do período estudado é positivo a favor das actuacións de investigación (Figura 4). Pero ademais, cómpre salientar que na última época apareceu un novo tipo de intervención arqueolóxica, de carácter mixto, no que os obxectivos da mesma son xa na súa orixe tanto de investigación como de posta en valor do monumento (Madorra da Granxa), nun intento de facer do mesmo un atractivo turístico; un tipo de intervencións que, probablemente, tenderá a ser maior no futuro, e que se cadra habería que diferenciar pola súa especificidade.

2.4. Área intervida

Baixo este apartado pretendo avaliar o grao de coñecemento que temos das arquitecturas tumulares escavadas. Para isto analizouse a área intervida en cada unha das intervencións, é dicir, o espacio do túmulo que foi escavado. Distinguíronse 3 formas principais de intervir nos monumentos (Figura 5): aquelas que se

⁷ A primeira escavación de Chan da Cruz 1, realizada en 1972, é referenciada como de urxencia polo segundo escavador en 1984. Considéreseina como unha investigación porque así é tratada na publicación orixinal.








FIGURA 4: Tipo de intervención realizada. A. Análise de conjunto. B. Evolución cronológica




CENTRO



SONDAXES



ZANXAS



EN ÁREA




FIGURA 5: Esquemas teóricos definidos no texto das formas de intervir nos xacementos segundo a área escavada.

restrinxen exclusivamente ao centro do monumento, por se interesar unicamente na arquitectura central, en busca das súas características; outras nas que se intervén tanto no centro como na masa tumular, practicando unha serie de estreitas zanzas na mesma; e, finalmente, aquelas que interveñen en grandes áreas da masa tumular. Estes tres sistemas así definidos agacharon tras de si na súa orixe a diferente concepción que o arqueólogo tiña das estruturas que estaba a intervenir, e como estas eran pensadas antes de escavalas: sepulturas rodeadas dunha morea de terra e pedras, o túmulo, na que o único que interesa é o lugar sepulcral (centro); monumento cun túmulo que é un elemento puramente arquitectónico, complemento monumentalizante da cámara no que a penas se tenta averiguar a súa composición (zanzas); conxunto sepulcral no que cómpre entender tanto a súa estrutura como forma de utilización e transformacións (área). Pero o desenvolvemento das intervencións de urxencia fará que este esquema mude por completo, procedéndose en moitas ocasións a realizar intervencións no centro do túmulo ou polo sistema de zanzas por razóns de tempo, presuposto, ou mesmo polos propios obxectivos da intervención, ás veces moi limitados (p. ex. valorar o estado de conservación dun monumento).

Pero ademais, na bibliografía documéntanse outros dous tipos de intervencións nos monumentos: as simples limpeza de perfiles producidos pola destrución accidental de parte da masa tumular por mor dalgunha remoción accidental, limpeza que se realizan co fin de extraer mostras de terra para a súa análise edafolóxica e polínica; e mais a realización de pequenas sondaxes na masa tumular, ben en zonas centrais da construción para avaliar de xeito rápido as características da zona de enterramento con vistas a unha posterior actuación en profundidade que nunca chegou a callar, ben en áreas marxinais na busca de solos antigos enterrados baixo a masa tumular para proceder á súa análise paleobotánica e/ou edafolóxica.

De 7 monumentos descoñécese a área intervida (aínda que sabemos que foi relativamente ampla), mentres que para outros resulta difícil avaliar a metodoloxía empregada, xa que nalgunhas das publicacións non queda constancia clara da área que se interviu no monumento (por exemplo, Monte das Arcas 33); para outras, como as de Abelleira, mentres que na publicación unicamente se ofrece información sobre o seu centro, a observación do túmulo na actualidade revela que nalgún deles chegou a escavarse un cadrante completo. En xeral, considerouse como escavacións que unicamente atinxiron ao centro aquelas que na publicación/memoria só aluden á súa estrutura central, a pesar de que existan indicios de que se escavou parte da masa tumular. Tamén cómpre aclarar que non todos os monumentos agrupados baixo os termos «zanzas» e «en área» foron intervidos dun mesmo xeito: no sistema de zanzas pode variar o seu número e distribución pola masa tumular, mentres que na escavación en área o único punto en común adoita ser a decapaxe de toda a superficie co fin de avaliar as zonas nas que centrarse logo en profundidade.

TÁBOA 4: Nº de xacementos escavados segundo a área intervida.

	En área	Zanxas	Centro	Sondaxes	Limpeza perfil	Descoñec.
Nº túmulos	36	31	17	29	5	7

O primeiro que chama a atención dunha análise de conxunto (Táboa 4, Figura 6) é o importante número de xacementos no que simplemente se realizaron unhas sondaxes (23%), polo que a área intervida nos mesmos, e, consecuentemente, a información que temos sobre a súa arquitectura, é moi reducida. Ademais, debemos valorar que 21 desas sondaxes se realizaron, para obtraer mostras de pole, en zonas periféricas da masa tumular, polo que a penas se extrouxeron datos da súa composición máis exterior (potencia, composición, presenza/ausencia de coiraza e de solo antigo enterrado). Sumados aos 5 xacementos nos que unicamente se limpou o perfil, descubrimos que son só 98⁸ os xacementos para os que temos información arquitectónica salientable. Tendo en conta que para outras 16 unicamente temos datos da estrutura central, e nada da composición e características do túmulo, o número aínda se ve máis reducido. Ademais, cómpre salientar que nalgúns dos xacementos escavados en área o espazo intervido foi mínimo, especialmente algunhas das de urxencia: en Prado do Rei 1 a penas se conservaba 1 m de túmulo, mentres que en Monte de Dorna unicamente se escavaron os metros máis exteriores do monumento, que eran os que ían ser afectados pola obra da vía rápida da Barbanza. E, finalmente, outra serie de intervencións aínda non foron rematadas: ademais de Dombate e Forno dos Mouros, como mínimo cinco estruturas entre Forgoselo e Illade (Vaquero, 1995b), a Madorra da Granxa e as dúas da Tomada.

Se avaliamos agora a evolución cronolóxica (Figura 6), observamos que o método maioritario ata mediados dos anos 70 é a escavación do centro do monumento, desaparecendo con posterioridade coa excepción dunha única intervención de urxencia. Aínda que o sistema de zanxas xa se coñece con anterioridade (Montouto 1), herdeiro dunha tradición practicada en Galicia, entre outros, por F. Maciñeira e mais R. Sobrino, a súa xeralización non se produce ata a segunda metade dos 70, en consonancia coa súa difusión e racionalización no norte de Portugal (Jorge, 1978). As intervencións en área, pola súa banda, non fan aparición ata a primeira metade dos anos 80, pero non se converterán en maioritarias ata os anos 90. Ademais, podemos observar que o grande número de túmulos escavado entre 1980 e 1984 se relativiza ante o feito de que 21 dos 37

⁸ Cómpre lembrar que Forno dos Mouros foi intervido dúas veces, primeiro cunhas sondaxes e anos despois en área, polo que non é eliminado dos xacementos dos que temos información. Igualmente, para obter a cifra dos túmulos dos que unicamente coñecemos datos da estrutura central foi eliminado Chan da Cruz 1, do que temos información da súa masa tumular gracias á segunda intervención.





FIGURA 6: Área intervida nos xacementos. A. Análise de conxunto. B. Evolución cronolóxica.

responderon a pequenas sondaxes; sen eles, de feito, a evolución do número de escavacións sería bastante liñal ata mediados dos 90.

2.5. Utilización de analíticas

Avalíase neste apartado o grao de utilización de analíticas palinolóxicas, edafolóxicas, carpolóxicas e antracolóxicas nas escavacións estudadas. As datacións radiocarbónicas, pola súa propia especificidade, serán tratadas no apartado seguinte. O primeiro que cómpre salientar destes dous apartados é que non se trata dunha análise completa, xa que está baseado unicamente nun baleirado bibliográfico: descoñecemos se en moitas das últimas intervencións se realizaron analíticas deste tipo, ao non estaren depositadas as súas respectivas memorias na Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. É dicir, que algúns (ou moitos) datos en branco (ausencias) poden non selo, pola existencia de analíticas realizadas ou pendentes de realizar. Ademais, cómpre salientar que a ausencia de información nestes campos non indica necesariamente que esta posibilidade non se tivera en conta na escavación, especialmente no que ás análises de pole se refire: eis aí o caso de Dombate, no que o paleosolo localizado carecía de restos de pole (Alonso e mais Bello, 1995: 155), ou de 13 das 27 intervencións realizadas por F. Criado en 1983-84, nas que non se localizou solo antigo enterrado para estudar o seu contido polínico.

O primeiro dato que resulta curioso é a total ausencia de análises antracolóxicas e carpolóxicas no megalitismo galego, algo que xa ten sido apuntado recentemente (Ramil e mais Fernández, 1996), ausencia que salienta aínda máis debido ao certo grao de desenvolvemento que acadan este tipo de estudos no veciño norte de Portugal. Respecto ás análises edafolóxicas, a primeira da que hai constancia para Galicia foi publicada en 1983, e procede dunha escavación realizada en 1977 (A Mina de Parxubeira). De todos os xeitos, a aplicación deste tipo de estudos é moi reducida, existindo datos unicamente para 11 monumentos (9% do total dos intervídos). Ademais, en moitos casos a súa utilización ten sido restrinxida á análise das características edáficas dos solos antigos enterrados baixo os monumentos, co fin de comparalos cos solos actuais das súas proximidades. En poucos casos teñen sido empregados para diferenciar os procesos naturais e antrópicos que teñen sufrido os paleosolos durante a construción do túmulo (conservación íntegra, truncamento do mesmo, etc) (Martínez e Moares, 1996) e que tanto servirían para contextualizar de forma axeitada as análises realizadas sobre o seu contido polínico, ou mesmo a viabilidade de utilizar mostras de madeira carbonizada da súa superficie como datación *ante quem* para o monumento. En ningún caso teñen sido empregados para confirmar as hipóteses plantexadas durante a escavación (existencia de retumulacións, por exemplo).

Unicamente se teñen diagramas polínicos para 20 xacementos dos 125 intervídos (16% da mostra). A realización deste tipo de análises non comeza no período estudado, xa que existe un precedente, a escavación da mámoa de Chan de Arquíña (Sobriño, 1954-55: 34). Un feito que salienta é a frecuente publicación das análises polínicas de xeito independente aos datos arqueográficos, sen que

se dea xa non información sobre o xacemento senón datos básicos sobre a procedencia da mostra, condicións de recollida, etc (López et al., 1992; López e López 1993, López et al. 1993). Dita situación pode resultar lóxica cando observamos que os diagramas resultantes se publicaron en revistas relacionadas coa paleobotánica, non tanto nos que viron a luz en revistas arqueolóxicas. Para o caso da mámoa da Zapateira, ademais, descoñecemos se as mostras para pole se tomaron realmente no monumento escavado por L. Monteagudo (Monte das Arcas 33). Outro dato de interese vén sinalado polo feito de que 14 dos 20 monumentos dos que temos diagramas polínicos (30%) unicamente foron intervídos de xeito moi limitado: sondaxes ou limpezas de perfíles.

Ramil e mais Fernández (1996) teñen salientado as importantes carencias que amosan a maior parte das análises realizadas, tanto pola situación descrita no parágrafo anterior (6 casos) como pola presenza de taxones cunha presenza incongruente dentro das reconstrucións paleoecolóxicas coñecidas ou mesmo de pole recente (9 casos), considerando, daquela, unicamente como aceptables 6 (30% dos realizados). Unha cantidade moi reducida, máis se atendemos á súa distribución polo territorio, xa que todos eles están enclavados en áreas litorais ou sublitorais da fachada Atlántica (Figura 7), non sendo válidos ningún dos realizados nas provincias de Lugo e Ourense.

2.6. Datación radiocarbónica

Unicamente se atopan publicadas 47 datacións de C14 (Táboa 5) para 20 dos xacementos estudados (16% do total). A cifra volve a ser moi escasa, máis se temos en conta que unicamente temos unha datación máis para túmulos galegos, a obtida nos anos 80 para o dolmen 7 da Mourela (CSIC-977: 3820±35) a partir duns carbóns atopados por F. Maciñeira sobre o piso da cámara durante a escavación que realizou a comezos do século XX (Fábregas, 1990/91). Pero a escasez de análises neste caso non vén provocada só pola tradición investigadora, senón tamén pola ausencia de mostras minimamente fiables para seren datadas en moitos dos xacementos investigados. Ademais, existen mostras de varios xacementos inéditos pendientes de ser procesadas. Un problema importante que presentan as datacións publicadas é que para algún monumento (Monte de Dorna, Catasol 2, Alto da Barreira e Ventín 4) se trata do único dato publicado, carecendo de información estratigráfica sobre a localización das mostras.

Se practicamos unha análise semellante á realizada por Alonso e mais Bello (1997), descubrimos que das 47 datacións 13 non ofrecen garantías suficientes, ben pola súa procedencia estratigráfica do interior da masa tumular, ben por estaren procesadas nun laboratorio que ten ofrecido resultados anómalos para o NW Ibérico, ben por presentar un alto desvío padrón (máis de 100 anos), cifra que, unha vez calibrada, ofrece marxes de datación demasiado amplos. Logo deste exame, 6 dos xacementos do listado quedan sen datación ningunha, e outros 4 vén reducido o seu número.




FIGURA 7: Localización dos xacementos nos que se realizaron analíticas edafolóxicas, palinolóxicas e radiocarbónicas. En gris figuran os concellos para os que todos os resultados obtidos foron considerados non válidos (ver texto).

TÁBOA 5: Datacións radiocarbónicas publicadas para os túmulos estudados. Todas as mostras foron realizadas sobre madeira carbonizada. Nº: número do xacemento no catálogo D: Datacións problemáticas: (♣=Procedencia (interior da masa tumular). (●=Laboratorio con datacións anómalas para o NW (Gakushuin University). (◆= Desviación típica demasiado elevada.

Nº	Xacemento	Laboratorio	Anos BP	Procedencia	D
8	Dombate	CSIC-890	4930±70	Superficie do paleosolo	
		CSIC-891	4910±60	Superficie do paleosolo	
		CSIC-893	4450±70	Exterior do túmulo	
		CSIC-939	4410±25	Exterior do túmulo	
		CSIC-940	4450±25	Exterior do túmulo	
		CSIC-941	4430±25	Exterior do túmulo	
		CSIC-942	4480±25	Exterior do túmulo	
		CSIC-963	4380±35	Exterior do túmulo	
		CSIC-964	4470±30	Exterior do túmulo	
		CSIC-892	4230±70	Bloqueo da entrada	
		CSIC-948	4200±30	Exterior do túmulo	
		CSIC-962	4020±30	Exterior do túmulo	
		CSIC-1066	4090±60	Exterior do túmulo	
		UtC-3200	4780±60	Piso do corredor	
		UtC-3201	3950±60	Interior da cámara	
		UtC-3202	4430±50	Interior da cámara	
		UtC-3203	4950±70	Piso da cámara	
26	Catasol 2	CSIC-985	5680±35	Masa tumular	♣
		CSIC-984	5470±35	Superficie do paleosolo	
27	Alto da Barreira	CSIC-1039	6030±30	Masa tumular	♣
		CSIC-1038	2840±40	(Descoñecida)	
34	Illade 0	GrN-19209	8208±60	Carbóns afastados do centro	♣?
		GrN-19211	6940±200	(Descoñecida)	◆
		Beta-51900	5820±160	(Descoñecida)	◆
		GrN-19208	5305±50	Madeira da empalizada	
		GrN-19210	5240±60	Madeira da empalizada	
35	Illade 1	GrN-19212	2970±80	Carbón á entrada da cámara	
37	Illade 3	GrN-19213	3855±60	Fogar á altura da cámara	
39	Illade 5	Beta-51901	4000±120	Fosa secundaria	
40	Ponte da Pedra	GrN-19217	5020±70	Fondo da fosa primaria	
		GrN-19216	2970±90	Carbóns á altura da 2ª fosa	
		GrN-19215	2565±45	Superficie do túmulo	
44	Reboredo 1	GrN-19214	3820±70	Fogar á altura da cámara	
49	Monte de Dorna	CSIC-1037	4820±50	(Descoñecida)	
51	Os Campiños 6	GrN-14328	4300±60	Bloqueo da entrada	
55	Ventín 4	CSIC-1108	5320±40	Masa tumular	♣
92	San Bleito 2	ICEN-762	4717±270	Superficie do paleosolo	◆
99	As Rozas 1	GaK-11189	5150±140	Fogar baixo túmulo	●
101	Chan de Prado 6	GrN-19620	6575±35	Masa tumular	♣
104	As Pereiras	GaK-11821	4850±210	Masa tumular	●
114	Cotogrande 1	GrN-17698	5239±80	Superficie do paleosolo	
		GrN-18420	4940±80	Base de coiraza	
115	Cotogrande 2	GrN-19374	4875±40	Superficie do paleosolo	
116	Cotogrande 5	GrN-19566	4390±50	Masa tumular	♣
		GrN-19565	4065±45	Masa tumular	♣
124	Chan da Cruz 1	GaK-11395	5890±120	Fogar sobre paleosolo	●
		CSIC-642	5210±50	Fogar sobre paleosolo	

Recentemente Soares (1999: 692-693) ten feito unha revisión das datacións dispoñibles para o norte de Portugal, poñendo en dúbida a súa fiabilidade para a reconstrución de evolucións arquitectónicas, ou mesmo de cronoloxías. Unha revisión similar pode facerse para as datacións galegas, xa que en moitos casos os carbóns procesados dificilmente poden ser relacionados cos momentos de construción/utilización do monumento. Así, as datacións de Chan da Cruz 1, Catasol 2, Cotogrande 2, unha das de Cotogrande 1 e mais dúas das de Dombate unicamente poden ser consideradas *terminii post quem* para os monumentos, sen que necesariamente teñan sido construídos inmediatamente despois da data indicada⁹. Mentres non teñamos datos sobre o grao de truncamente deses plaeosolos dos que proceden as mostras dificilmente poderemos valorar estes resultados con garantías.

Un problema diferente plantéxano os carbóns illados recollidos nos sedimentos situados sobre ou exteriormente ao túmulo (segunda datación de Cotogrande 1 e mais a maior parte das de Dombate): o resultado obtido é sempre, no mellor dos casos, un *teminii ante quem* para os materiais/estructuras que acompañan ás mostras, xa que non sempre podemos garantir que a madeira sufrise a carbonización con posterioridade á construción/utilización do monumento, podendo tratarse de materiais máis antigos remexidos ou aportados con posterioridade. Para as datacións de Monte de Dorna e do túmulo da Barreira resulta imposible facer unha valoración ao descoñecermos a procedencia das mostras.

Sen embargo, no caso galego contamos cunha serie de resultados que parecen datar claramente as estruturas tumulares, cando menos fases determinadas das súas utilizacións: os lumes detectados no peche de Dombate e mais Campiños 6, os lumes situados a carón da estrutura sepulcral en Illade 3 e mais Reboredo 1, o lume na entrada á estrutura sepulcral de Illade 1 e as datacións directas tanto da arquitectura de madeira de Illade 0 como da fosa secundaria de Illade 5. Para as datacións de Ponte da Pedra e 4 das de Dombate realizadas sobre laminiñas de carbón recollidas no interior do sepulcro de corredor podemos supoñer unha certa fiabilidade, aínda que cómpre sempre non esquecer a mobilidade que poden ter as mostras de pequeno tamaño (Soares, 1999: 693).

Como se pode ver o resultado volve a ser un escaso número de datacións fiables, reducidas a un pequeno número de monumentos (8), e cunha dispersión, novamente, maioritariamente litoral ou sublitoral Atlántica (Figura 7). E aínda que contamos con algún dato máis cara ao interior, salienta novamente a ausencia de datacións válidas para as dúas provincias orientais (na de Lugo, de feito, aínda non se teñen procesado mostras a día de hoxe).

2.7. Repercusión pública

A publicación dos resultados das intervencións, é dicir, a súa difusión pública, é unha das grandes eivas do estudio do fenómeno tumular galego (Figura 8A):

⁹ Neste sentido a datación de Chã de Carvalhal 1 no norte de Portugal é suficientemente reveladora (Soares, 1996: 692).





FIGURA 8: Estado de publicación das intervencións realizadas. A. Análise de conxunto. B. Evolución cronolóxica.

unicamente un 28% das intervencións estudadas (35) está na actualidade publicada, mentres que un 18% (23) o están só parcialmente e máis da metade (67) se atopan inéditas¹⁰. Cómpre salientar a grande diferenza que presentan os monumentos recollidos como parcialmente publicados, entre os que se distingue sobre todos Dombate, do que se dispón xa na actualidade dun grande corpus de información a disposición dos investigadores. Ademais, convén sinalar que incluín nesta categoría algúns monumentos publicados dos que se recolle información escrita, pero non documentación gráfica (túmulo Fusiño-Curota, Medorras Mouras, A Rigueira e Montouto 3).

